

COTIZACIÓNS SUBASTA DE GANDO DO DÍA 23/09/2008



**LOIUXA
AGRICULTURA
DE GALICIA**

Feira Internacional de Galicia

Silleda - Pontevedra

Tifno 986-580050 / Fax 986-580162

BECERROS RECRÍA		TOTAL TRANSACCIÓNS	116.426
TOTAL ASISTENCIA	576		
TOTAL ADXUDICADOS	534		

RAZA FRISÓN	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	108	99
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	111	101
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	134	126

RAZA CRUCES INDUSTRIAL	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 20 DÍAS	302	203
BECERROS DE 21 A 50 DÍAS	331	233
BECERROS MÁIS DE 51 DÍAS	411	284

RAZA RUBIA GALEGA	MACHOS	FEMIAS
BECERROS DE 0 A 25 DÍAS	*	*
BECERROS DE 26 A 50 DÍAS	337	319
BECERROS DE 51 A 120 DÍAS	372	373

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

VACUNO MAIOR		TOTAL TRANSACCIÓNS	245.370
TOTAL ASISTENCIA	371		
TOTAL ADXUDICADOS	350		

CATEGORÍA	PRECIO SEMANAL
VACAS CATEGORÍA EXTRA E - U	1.430
VACAS CATEGORÍA PRIMEIRA R	949
VACAS CATEGORÍA SEGUNDA O	553
VACAS CATEGORÍA DESFEITO P	250

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

BECERROS CARNICEIROS		TOTAL TRANSACCIÓNS	56.728
TOTAL ASISTENCIA	95		
TOTAL ADXUDICADOS	81		

PRECIOS KG/ VIVO	MACHOS	FEMIAS
RAZA FRISÓN	1,58	1,52
RAZA CRUCE INDUSTRIAL	2,24	2,28
RAZA RUBIA GALEGA	2,60	2,39

* Non se adxudicou ningún animal desta categoría

PORCINO CEBADO

EURO./KG. VIVO S/G	EUROS		Dez céntimos de baixa nas dúas últimas semanas: Con atraso en relación a anos pasados, as cotizacións baixaron do seu máximo estival, acumulándose 10 céntimos de baixa en dúas semanas (-7,52%); e con tan só unha semana máis de setembro, pode afirmarse que a demarraxe no presente mes será menor ca de anos pasados (-18 céntimos en setembro de 2007 e -20 céntimos no 2006). As previsións seguen mantendo unha compoñente de incertidume, se ben se pode afirmar que as cotizacións acabarán o ano nuns niveis moi superiores aos de 2007, e cuns valores que non deberían distanciarse moito dos actuais.
	KG.	DIF.	
CARNICEIRO	1,500	-0,04	Análise de mercado: Pesos: soben por segunda semana, situándose nuns parámetros superiores aos de hai un ano, o que é síntoma dunha oferta ampla; porén a produción manifesta que a saída é boa, motivada por unha alta actividade nos matadoiros; Prezos Europeos: Por terceira semana consecutiva voltan a baixar as cotizacións no norte de Europa; a oferta puntualmente subiu (adiantamento de porcos por medo a novas mermas nas cotizacións) e o problema está outra vez na imposibilidade de revalorizar a carne. A crise económica afecta sobre o consumo interior na vella UE-15 e tan só as exportacións a países do Leste pode facer que as cuantías das mermas non sexan maiores. A crise non é de produción, senón de rendabilidades e desta vez, tamén afecta aos matadoiros.
SELECTO	1,255	-0,04	
NORMAL	1,230	-0,04	
CASTRADO	1,500	-0,04	
CANAL II	1,597	-0,052	
DESVELLE	0,83/0,89	0,00	

BACORIÑOS

BASE 20 KGS.	EUROS			As baixas no cebo enfría o mercado dos bacoriños: Ainda que na sesión de hoxe, os axentes participantes na Lonxa manifestaron unha recuperación no mercado dos bacoriños, a cuantía final do incremento ascendeu a tan só un Euro. E o pinchazo no cebo parece ser o único responsábel do enfriamento do mercado. Por iso e aínda que a entrada de bacoriños en setembro se fai cun maior optimismo, ao caer a cotización do cebo, os cebadoiros voltan mirar máis cara o prezo, freando así en parte as presións alcistas da produción que segue cunhas cotizacións moi inferiores aos custos de produción.
	KG.	UNIDADE	DIF	
SELECTO	1,55	31,00	+1,00	Análise de mercado: Cun mercado claramente en movemento e despois da parálise dos meses anteriores, as previsións poden manterse positivas; cun recurre estacional da oferta (nesta época do ano é normal que o desequilibrio entre a oferta e a demanda tense as cotizacións á alza), xunto cun recurre adicional (estrutural) motivado por unha matanza de porcas (sobre todo no centro da península) fan manter unhas previsións alcistas para o último tramo do ano. Mercado pendente da evolución do cebo, que marcará aos bacoriños.
NORMAL	1,50	30,00	+1,00	

OVOS

CLASE	EUROS				Lixeiro incrementos nas gramaxes inferiores do ovo: Tras as variacións á alza nas dúas primeiras semanas de setembro na gramaxe máis alta (XL), tocoulle agora a evolución positiva no resto das gramaxes. E se ben o incremento da presente semana se pode marcar nunha evolución parella ao dos principais mercados Europeos, sinalanse incrementos nas existencias, polo que a demanda non está tirando como deberea nesta época do ano. Por iso de non tirar a demanda e aínda estando a partires do presente mes na época estacional de alzas (e de cotizacións máximas), estas poderían quedar por baixo dos valores agardados.
	BRANCOS	DIF.	MOUROS	DIF.	
XL	1,58	0,00	1,58	0,00	
L	1,27	+0,02	1,27	+0,02	
M	1,13	+0,02	1,13	+0,02	
S	0,89	+0,02	0,89	+0,02	

GALIÑAS DE DESVELLE

	EUROS		Estabilidade nas cotizacións das galiñas de desvelle: A firmeza do mercado das galiñas viuse truncado tras quince semanas a mediados de agosto descendendo dende entón as cotizacións das galiñas, motivado polo incremento na oferta (reposición de galiñas). Mais co incremento da pasada semana, e coa estabilidade desta, indícase unha oferta que remite, podendo incrementarse as cotizacións lixeiramente nas próximas semanas. As cotizacións son inferiores ás rexistradas no 2007. (-25,64%).
	KG.	DIF	
SEMPESADAS 2,100 A 2,200 KGS	0,17/0,29	0,00	

COELLO

	EUROS		Ata onde pode chegar?: O coello revalorizouse 93 céntimos (+80%) dende principios de agosto, pasando por riba dos custos de produción. Mais as diverxencias entre as partes son cada vez maiores; a produción mantén que a saída de granxa é boa, existindo escaseza; porén os matadoiros manifestan que esta falta é moi puntual (mercado Catalán), mentras que no resto da Península, e en Francia, a situación é distinta; e cos prezos actuais farase cada vez máis difícil colocar o xénero nas tendas.
	KG.	DIF	
GRANXA EN VIVO			
NOVO	2,12	+0,10	

LONXA AGROPECUARIA DE GALICIA

Recinto feiral, s/n
36540 Silleda - Pontevedra
Telf: 986 577000 Fax: 986 580162
www.ferial.com / www.agrolonxa.com / www.feiragalicia.com
xabier@agrolonxa.com

En colaboración coa:

